

NOTA DE PRENSA

Expertos médicos manifiestan que os pacientes afectados por doenzas reumatolóxicas logran mellorar os seus síntomas tras seren sometidos a técnicas de balneoterapia

Aseguran que a cura termal contribúe a recuperar a mobilidade, ao tempo que se reduce a dor

Estudantes de Medicina fórmanse no balneario de Lugo sobre o valor das augas mineromedicinais en relación aos trastornos reumáticos

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2018 (Vía Láctea Comunicación).- No marco da Cátedra de Hidroloxía Médica da Universidade de Santiago e a Asociación de Balnearios de Galicia, o balneario de Lugo acolle este venres e o sábado unhas xornadas sobre a aplicación da balneoterapia en pacientes con reuma. Un grupo de futuros médicos, que se están a formar na cura termal, coñecerán o valor terapéutico das augas mineromedicinais en relación a esta doenza.

Os pacientes reumáticos adoitan ser persoas maiores, posto que este tipo de trastornos increméntanse a medida que a idade avanza. Pero pode afectar a individuos de calquera idade, como ocorre coa artrite reumatoide xuvenil.

A directora médico do balneario de Lugo, **Ascensión Sánchez**, salienta “o valor terapéutico das augas sulfuradas para combater procesos reumatolóxicos, debido á súa acción antiinflamatoria, analxésica e descontracturante; ao tempo que facilitan a mobilidade articular, reducen a rixidez e combaten a dor”. Empréganse en particular para tratar todo tipo de reumatismos dexenerativos como as artroses -dende a de xeonllos ata a de columna-, ademais de doenzas inflamatorias como a artrite reumatoide, xunto con ciáticas, lumbalxias ou a gota. Tamén son efectivas para abordar as secuelas de traumatismos e cirurxías do aparato locomotor.

A doutora sinala que se valora a cada paciente para ver o seu estado xeral e a fase evolutiva na que se atopa a enfermidade. En función deste exame médico, aplícanse tratamentos personalizados, baseados en chorros termais, duchas circulares e baños -tanto en bañeira como en piscina-. E, ademais, engádense outras técnicas complementarias ás augas mineromedicinais como os parafangos (arxilas quentes), sesións de masaxes e de fisioterapia -mediante exercicios en seco ou en piscina-.

Segundo explica a doutora, “a duración mínima dos tratamentos é de 9 días e os resultados son moi satisfactorios”. Así, asegura que máis do 70% dos pacientes logran unha importante melloría no seu estado de saúde e, en consecuencia, na súa calidade de vida. Ademais, conséguese reducir a inxesta de medicamentos, en particular analxésicos e antiinflamatorios.

A doutora lembra que a doenza reumatolóxica máis común en persoas da terceira idade é a artrose. Pola súa parte, os pacientes de idade media acoden ao balneario con problemas musculares, na súa maioría con lumbalxia ou cervicalxia, provocados sobre todo polo estilo de vida ou debido a unha mala postura no traballo.

Médicos de familia e hidrólogos

As xornadas comezan este venres 2 de marzo pola tarde coa intervención da doutora **Rosa Meijide**, catedrática de Hidroloxía Médica da Universidade da Coruña. Abordará o mecanismo de acción das augas mineromedicinais sobre as enfermidades reumatolóxicas. Logo os estudantes de Medicina farán unha visita polo balneario de Lugo e finalmente realizarán unha sesión práctica para coñecer que tipo de técnicas e tratamentos se levan a cabo con estes pacientes nas piscinas termais.

O sábado pola mañá a doutora **Ascensión Sánchez** afondará no tratamento balneoterápico das doenzas reumatolóxicas. De seguido a médica de familia **Magdalena Pereiro** falará do enfoque do termalismo dende Atención Primaria. Pola súa parte, o xerente da Asociación de Balnerios de Galicia, **Benigno Amor**, incidirá no panorama actual do termalismo na comunidade galega e explicarálles aos futuros facultativos a principal normativa que afecta ao sector. A xornada rematará pola tarde cunha sesión práctica no balneario.

PRENSA_ 981 554 407 / 639 768 929 www.vialactea.es

www.balneariosdegalicia.gal